



A cuadrilla 'Pasarela' gañadora do Campionato do raposo de Friol

O día 27 de xaneiro, en véspera do Campionato Galego da modalidade, tiña lugar en Friol (Lugo) unha nova proba de caza de raposo, puntuable para a Copa Federación.

Eran 17 equipos os que tomaban a saída as 8.30h da mañá, dentro do Tecor da Sociedade de cazadores de Friol, capturando un total de 12 raposos. Só 6 das cuadrillas participantes conseguiron cobrar algunha peza, sendo a de casa, a cuadrilla de 'Friol' a que se destacaba sobre as demais ao capturar 4 raposos. Outras dúas cuadrillas conseguiron 2 raposos: 'Os de sempre' (Caxigueiras) e 'Pancho Villa' (Rois).

Á vista das capturas, o xurado de competición deu por válida a seguinte clasificación:

Clasificación final		
Pos.	Cuadrilla	Raposos
1º	PASARELA (Friol)	4
2º	OS DE SEMPRE (Caxigueiras)	2
3º	PANCHO VILLA (Rois)	2
4º	VILLAREDA (Pedraza)	1
5º	FOX (Friol)	1
6º	PONTE DE NEIRA (Beira Miño)	1



A cuadrilla 'Pasarela', gañadores da proba



Os segundos clasificados, a cuadrilla 'Os de sempre'

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com